



MOBILIDADES DE PRÁCTICAS – ERASMUS+

CONVOCATORIA PARA O CURSO 2015-2016

A mobilidade de estudantes para a realización de Prácticas Erasmus está integrada dentro da Acción Clave 1 (KA1) do Programa Erasmus +: Mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe.

1. Obxecto da convocatoria e descrición.

Convócanse bolsas destinadas a todos os estudantes da Escola (Ciclos e Graos) que teñan formalizada a súa matrícula no último curso de estudos conducentes á obtención ben do Título Superior de Deseño de Moda ou Deseño de Produto ou ben a calquera dos Ciclos Superiores impartidos na Escola (Xoiería Artística, Fotografía, Escultura e Arquitectura Efémera).

Farase unha adxudicación inicial dun mínimo de 4 bolsas. Tras desta adxudicación, e segundo a duración das prácticas e os países de destino, pode ocorrer que se poda asignar un número máis grande. De ser así, adxudicaranse máis bolsas segundo a orde da lista de espera, ata completar o número total de meses adxudicables.

Os estudantes poderán tamén disfrutar dunha beca Erasmus + sen financiamento (denominada "beca cero") sempre que se cumpran os requisitos establecidos na presente convocatoria. Estes estudantes terán a consideración de Erasmus a todos os efectos, salvo o referente ao financiamento.

2. Institucións de acollida.

Pode ser institución de acollida alquera organización de carácter público ou privado no ámbito do mercado de traballo ou os sectores da educación, formación e xuventude, excepto:

- institucións da UE e outros organismos da UE, incluídas as axencias especializadas (pode consultarse a lista completa destas institucións en http://europa.eu/about-eu/institutions-bodies/index_es.htm)
- organizacións que xestionen programas da UE, como as Axencias Nacionais.
- representacións diplomáticas do país de orixe do estudante

3. Duración das prácticas.

Entre 3 e 12 meses para Estudos Superiores de Deseño. Entre 2 e 12 meses para Ciclos Superiores. En ambos casos o financiamento cubrirá un máximo de 3 meses.



Os meses disfrutados de mobilidade Erasmus + con finalidade de estudos computan á hora de calcular o número de meses que se poden facer de prácticas. Un estudante conta en total con 12 meses de mobilidade por ciclo de estudos, o que significa que se un estudante xa fixo unha mobilidade Erasmus+ de estudos, deberá restar o número de meses que fixo dos 12 meses que se poden facer, para saber cal é o total de meses que pode disfrutar en mobilidade de prácticas. As prácticas poderanse comezar no período comprendido entre o 1 de abril e o 30 de setembro de 2015.

As prácticas serán titorizadas tanto dende a Escola como dende a organización de acollida. O titor da Escola será o coordinador de prácticas en caso dos Estudos Superiores e o titor de prácticas de cada especialidade en caso dos Ciclos Superiores.

4. Requisitos.

- Estar matriculado na EASD Mestre Mateo nos cursos 2014/2015 ou 2015/2016 no último curso dos estudos ou ciclos superiores que requiren de FPEET ou prácticas externas.
- Atoparse nas condicións académicas requiridas para realizar as prácticas en empresa. É dicir, ter todos os módulos aprobados no caso dos Ciclos Superiores e un máximo de 18 créditos ECTS pendentes no caso dos Estudos Superiores de Deseño.
- Non se poderán simultanear no tempo mobilidades Erasmus+ de Estudos e de Prácticas, pero si poderán ter lugar no mesmo curso académico coma mobilidades independentes (sempre que non se superen os meses máximos permitidos por ciclo de estudos).
- Para presentar a solicitude será necesario que a/o estudante busque por si mesmo a empresa na que quere facer as prácticas.

5. Vías de financiamento (contía das axudas).

Existe unha única vía de financiamento, a do *Servicio Español para a Internacionalización de la Educación* (SEPIE), por un máximo de 3 meses. Se a duración total da mobilidade supera este tempo, o tempo excedente terá consideración de "beca cero". O importe das axudas dependerá do nivel de vida do país de destino, segundo os tres grupos que se mostran a continuación:

Grupos	Países	Asignación
Grupo 1	Austria, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Italia, Liechtenstein, Noruega, Reino Unido, Suecia	400 euros/mes
Grupo 2	Alemania, Bélxica, Chipre, Croacia, Eslovenia, España, Grecia, Islandia, Luxemburgo, Países Baixos, Portugal, República Checa, Turquía	350 euros/mes



Grupo 3	Bulgaria, Eslovaquia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia, Rumanía, antigua República Yugoslava de Macedonia	300 euros/mes
---------	--	---------------

O ingreso desta axuda será realizado pola Coordinación Erasmus en dous pagos, vinculados á recepción de certa documentación, do xeito que segue:

- primeiro pago do 80% do importe total da beca unha vez presentada toda a documentación necesaria incluído o certificado de chegada.
- liquidación do 20% restante tras a entrega do certificado de fin de estancia orixinal e o informe do estudante

O abono das axudas realizarase exclusivamente mediante transferencia bancaria a contas correntes situadas en España, e os seus titulares ou cotitulares deberán ser necesariamente as persoas beneficiarias das mesmas.

No caso de que a estancia sexa de entre 2 e 3 meses (meses incompletos), a axuda financeira calcularase multiplicando o número de días do mes incompleto por 1/30 da axuda mensual. Durante a súa mobilidade a/o estudante seguirá disfrutando das becas ou préstamos con fins educativos que podería obter normalmente para estudar na Escola. As axudas de mobilidade Erasmus+ son complementarias ós sistemas nacionais e/ou autonómicos, incluídos os que ofrecen unha compensación polos gastos adicionais dos estudos ou prácticas que se realizan no estranxeiro (exceptuando as becas Erasmus do Ministerio de Educación).

6. Solicitude e documentación.

O/a solicitante deberá presentar a seguinte documentación:

- Formulario de solicitude impreso e asinado dispoñible no Anexo I da presente convocatoria, na Secretaría da Escola e en <http://www.easd.es/gal/internacional/llp-erasmus/outgoing/practicas-smp>
- Documentación acreditativa de coñecementos de idiomas e máis doutros méritos que se quixeran facer valer.
- C.V. cunha foto.
- Carta de motivación.
- Documento de aceptación da empresa na que quere realizar as prácticas, cos datos da empresa (nome, nome do responsable, número de identificación fiscal, dirección e teléfono).

A secretaría da Escola xuntará á solicitude de cada candidato a seguinte documentación:



- Certificado de expediente académico no que conste a nota media do expediente: nota media de acordo coas normas establecidas na Orde o 30 de setembro de 2010 (DOG do 8 de outubro). Non se terán en conta as disciplinas nas que non conste cualificación numérica.
- Certificado de matrícula do alumno na Escola.

7. Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

As solicitudes presentaranse na Secretaría da Escola.

A data límite é o **18 de febreiro de 2016, ás 14:00h** en primeira convocatoria para o alumnado de Estudos Superiores, e o **20 de abril de 2016, ás 14:00**, en segunda convocatoria para o alumnado de Ciclos Superiores.

Non se admitirán solicitudes presentadas fóra de prazo.

8. Criterios de selección e puntuación.

Os solicitantes recibirán unha puntuación ente 0 e 10 puntos, dos cales:

1. Un máximo de 7 puntos corresponderase coa nota media do expediente académico.
2. Un máximo de 2,5 puntos corresponderase co coñecemento do idioma do país de destino*.
3. Un máximo de 0,5 puntos corresponderase con outros méritos (artísticos, académicos, lingüísticos non valorados no apartado anterior, laborais e de voluntariado).

*Cualificarase segundo a seguinte táboa, a partir da escala do MCERL, por cada lingua na que acredite a competencia lingüística:

Idioma no que se imparten as clases na Institución de destino solicitada				
A1, A2	B1	B2	C1	C2
0	0	1,5	2	2,5
Outro idioma estranxeiro:				
A2	B1	B2	C1	C2
0,25	0,5	0,75	1	1,25



9. Resolución

1. A Comisión seleccionadora estará composta por 2 profesores da Escola, o Xefe de Estudos e a Coordinadora Erasmus.
2. A proposta de adxudicación de prazas por parte da Comisión seleccionadora incluíra as listaxes de suplentes e solicitudes excluídas, xunto co motivo da exclusión. Farase pública no taboleiro de anuncios do centro.
3. Contra a proposta de selección e a listaxe de suplentes poderase presentar reclamación mediante instancia dirixida á presidencia da Comisión de Selección do centro no prazo de dous días dende a súa publicación.
4. Transcorrido o prazo de reclamacións e logo de se resolveren, a proposta definitiva de selección e a listaxe de suplentes publicaranse no taboleiro de anuncios do centro e na páxina web. A secretaría da dita comisión enviará a proposta definitiva de selección á dirección do centro.
5. A proposta definitiva de selección do/a estudante suporá a aprobación provisional polo centro do compromiso de prácticas, pendente de que as/os estudantes cumpran os requisitos académicos de acceso as prácticas segundo a titulación correspondente.

10. Aceptación e renuncia.

Unha vez publicadas as listaxes definitivas, os seleccionados deberán formalizar a aceptación ou renuncia do destino adxudicado presentando o modelo Anexo II por email a erasmus@easd.es. As persoas que non presentaren a súa aceptación ou renuncia decaerán dos seus dereitos e ocuparán o seu lugar as posibles persoas suplentes.

11. Recoñecemento académico

As prácticas realizadas terán pleno recoñecemento académico.

Se a duración das prácticas é maior do esixido polos estudos, o recoñecemento do exceso se realizará a través do Suplemento Europeo ao título no caso dos Estudos Superiores de Deseño e a través de Europass no caso dos Ciclos Superiores.

Este recoñecemento se denegará se o estudante non acada o nivel esixido na Institución de destino ou non cumpre os prazos e termos acordados.



12. Pagamentos das axudas

Para recibir a axuda do SEPIE, o/a bolseiro/a deberá asinar un convenio financeiro coa Escola e un Acordo de Prácticas coa Escola e a empresa, antes da súa incorporación á institución de destino.

O pagamento farase en dúas fases:

- 80% da axuda pagarase cando se reciba o certificado de chegada á institución de destino debidamente asinado e selado.
- 20% restante pagarase ao finalizar a estadía, logo de se presentar o certificado ORIXINAL de fin de estadía e o informe de experiencia do estudante dentro do prazo establecido.

13. Seguros

É responsabilidade de bolseiro tramitar a Tarxeta sanitaria europea ou subscribir ao seu cargo un seguro para cubrir as continxencias no país de destino.

Se os pais dos alumnos seleccionados son beneficiarios da Seguridade Social, deben dirixirse as oficinas do INSS para solicitar o formulario E-128 ou E-m. Os asegurados en mutuas ou seguros privados deben dirixirse a elas para obter a cobertura médica no estranxeiro

A EASD Mestre Mateo non será responsable dos danos ocasionados e débedas contraídas polo estudante durante o período da súa bolsa. Non obstante o anterior, A Escola proporcionará ao estudante un seguro básico de accidentes e responsabilidade civil.

14. Obrigas dos bolseiros e contratos

Logo de aceptar a bolsa, o/a estudante comprométese a:

Antes da partida:

- Asinar por duplicado o Convenio, esixido pola Axencia nacional, onde se recollen as obrigas das partes na administración de fondos comunitarios
- Asinar por triplicado o Acordo de prácticas, onde se recollen as funcións principais que se levarán a cabo.
- Acreditar a vixencia dos Seguros antes da súa viaxe.

Durante a estadía na institución de destino:

- Na primeira semana desde a incorporación no destino, debe remitir por fax ou correo electrónico a Certificación de Chegada debidamente asinada e selada e os datos de contacto durante a estadía no estranxeiro.



- Manter o contacto directo periódico coa coordinadora Erasmus e/ou a persoa responsable da titorización a través do enderezo electrónico. Comunicar calquera problema ou modificación nas prácticas.
- Permanecer no destino ata o final do período previsto e realizar as prácticas.
- Respetar as normas e regulamentos da empresa ou institución de acollida, a súa xornada laboral habitual, o seu código de conduta e a súa política de confidencialidade.

Finalizado o período de mobilidade na Institución de destino:

- Se o certificado de permanencia acreditara un período inferior ás cantidades recibidas, a/o estudante deberá reintegrar a totalidade ou unha parte da axuda recibida acorde aos meses ou semanas non certificados. Así mesmo, solicitarase o reintegro en caso de renuncia total ou parcial.
- Cumprimentar e presentar en tempo e forma calquera documentos oficiais que en relación coa súa bolsa lles foran requiridos pola Escola ou a Axencia Nacional (SEPIE).
- Se das prácticas derivara algún traballo susceptible de ser publicado, o autor ou autora deberá facer constar a axuda financeira recibida a través do programa Erasmus+ e a Escola.
- Enviar á Coordinadora Erasmus no prazo máximo dun mes tras finalizar a estadía o documento orixinal de “Certificado de Estadía”.
- Realizar o informe final (enquisa online) no prazo dun mes tras a finalización da mobilidade.
- No prazo máximo dun mes tras finalizar a estadía, achegarlle á Coordinadora de Programas Internacionais:
 - documento orixinal de “Certificado de Estadía”
 - informe final (enquisa online).

Os beneficiarios das bolsas de mobilidade reguladas na presente convocatoria serán os únicos responsables das súas accións nas empresas ou institucións do país de destino, eximindo de todo tipo de responsabilidade á EASD Mestre Mateo como consecuencia de danos causados, renuncias extemporáneas ou calquera outro evento que puidera implicar reclamacións.

15. Incumprimentos

As renuncias que se producen fóra do prazo establecido e sen xustificación serán motivo de exclusión en posteriores convocatorias e obrigarán á devolución do importe da axuda recibida.



16. Calendario da convocatoria: Prazos

Publicación da convocatoria	29/01/2016
Límite de presentación de solicitudes EESS	18/02/2016
Publicación das listaxes provisorias de selección EESS	19/02/2016
Prazo de reclamacións EESS	23/02/2016
Prazo de resolución das reclamacións e lista definitiva EESS	26/02/2016
Prazo de aceptación e renuncia EESS	01/03/2016
Límite de presentación de solicitudes CCSS	13/04/2016
Publicación das listaxes provisorias de selección CCSS	15/04/2016
Prazo de reclamacións CCSS	19/04/2016
Prazo de resolución das reclamacións e lista definitiva CCSS	20/04/2016
Prazo de aceptación e renuncia CCSS	22/04/2016

17. Comisión de selección

- Xefe de estudos, ou persoa en quen delegue, que a preside.
- A Coordinadora de Programas Internacionais, que fai a labor de secretaria.
- Un profesor ou profesora de Estudios Superiores de Deseño e outro/a de Ciclos Superiores designados polo Director da Escola.



ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN – ERASMUS - SMT
TIPO DE MOBILIDADE SOLICITADA:
PERÍODO DE SOLICITUDE:
DATOS PERSOAIS Apelidos Nome DNI Correo electrónico
DOMICILIO FAMILIAR Dirección: C.P.: Poboación: Teléfono: DOMICILIO DURANTE O CURSO Dirección: C.P.: Poboación: Teléfono:
DATOS ACADÉMICOS Titulación que cursa: Materias pendentes doutros cursos: Coñecemento de Idiomas Idioma: Certificado que aporta: Idioma: Certificado que aporta: Idioma: Certificado que aporta:



Erasmus+

INSTITUCIÓN DE DESTINO 1. 2. 3.
<input type="checkbox"/> Declaro que non recibín con anterioridade unha bolsa Erasmus da mesma modalidade que solicito
<input type="checkbox"/> Declaro que non participei anteriormente nunha mobilidade Erasmus da mesma modalidade que solicito
<input type="checkbox"/> Estou disposto a realizar unha estancia Erasmus sen axuda económica
Asdo.:O/A Solicitante Santiago de Compostela, __ de ____ de 2016

ANEXO II: ACEPTACIÓN/RENUNCIA Á BOLSA DE MOBILIDADE CON FINS DE PRÁCTICAS EN EMPRESA

ANEXO II: ACEPTACIÓN/RENUNCIA Á BOLSA DE MOBILIDADE CON FINS DE PRÁCTICAS EN EMPRESA
Quen abaixo asina declara que coñece, cumpre e acepta as condicións da bolsa, e se compromete a cumprir os termos do contrato de estudos asinado
<input type="checkbox"/> Acepto a bolsa de mobilidade con fins de prácticas para o curso académico 2015/16, concedida para ir a:
<input type="checkbox"/> Renuncio á bolsa de mobilidade con fins de prácticas para o curso académico 2015/16, concedida para ir a Motivo da renuncia:
Santiago de Compostela,de de 2016
ASINADO
Nome e apelidos:
DNI: